

Desexámosvos...


un bo
libro
e
unhas lectoras
vacacións.



<http://www.pinterest.com/micabigotes/>
<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>
<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356?fref=nf>

DECEMBRO 2014

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



2º CICLO PRIMARIA:

PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s
ides escribir ...

...e anque algún di que a crise é historia, déixate de historias e, un ano máis, ORGANÍZATE para ser pedichón ou pedichona!!!. Fala cos teus e coas túas compas e poñédevos outra vez de acordo para pedir títulos distintos. Ah!, e pide unha libretiña chula. Así poderedes intercambiar os libros unha vez que os leades, facer dos vosos andeis unha pequena biblioteca con empréstimo incluído. A libretiña?. Para anotar a quen prestades os vosos libros e saber a quen reclamarllos no caso de moros@s... Como o ordenata da biblio, vaia, pero en "analóxico".

2º CICLO PRIMARIA

- **Ícaro-F.Delicado-Kalandraka:** No centro de acollida coidan que o neno está abandonado, pero non é certo, porque a realidade non é só o que podes mirar.



- **Pasen e miren-D.Padrón/Mª Canosa**
-Bululú: Todos os personaxes do millor espectáculo do mundo ao alcance do teu ollar. Vas perdelo?



- **Un anaquiño de horizonte-A.Abad-OQO:** Para lograr o seu soño de saber que hai detrás do horizonte, o pirata xoga con el ao escondite inglés. As regras do xogo non poden saltarse! Sábelo ben. O pirata, tamén.




- **Vagalume de versos -María Canosa-Galaxia:** Versos cheos de natureza, beleza, de cousas miúdas e fermosas que nos arrodean.



- **Quen falta?-A. Papini-Kalandraka:** Relatado por eles mesmos, 20 animais extintos ou en perigo de extinción fálannos de si mesmos, o seu hábitat e o motivo da súa situación.



- **Peregrinus-Galileo Nenos (e Nenas):** Pérdeste nun bosque encantado. Precisas atopar amuletos máxicos para saír, pero están gardados por seres míticos. Xogo de estratexia e misterio para enlear a toda a familia. Mesmo a Sta. Compañía xogará contigo.



- **Unha viaxe polo mundo-As Maimiñas-Galaxia:** Se gostas de cantar e bailar, podes acompañar ás Maimiñas nesta viaxe por moitos países. Fermosas ilustracións de Patricia Castelao.

